

PROGRAMACIÓN CULTURAL 2022

TEATRO PASTOR DÍAZ VIVEIRO Outubro-Dezembro





Sábado 8 20:30 h.

EL ENJAMBRE.

Camiño Escena Norte

Vaiven producciones

Duración: 75 minutos

Público: Adultos

Dirección: Mireia Gabilondo

Texto y ayudante de dirección: Kepa Errasti

Espacio escénico: Fernando Bernués

Escenografía y atrezzo: Edi Naudó

Diseño de iluminación: Andoni Mendizabal

Fotografía: David Salvador / Javier Gómez Zapiain

Dirección de producción: Ana Pimenta

Producción ejecutiva: Monika Zumeta

Dirección técnica e sonido: Íñigo Lacasa

Iluminación: Andoni Mendizabal

Administración: Izaskun Imizkoz

Gráfica: Antza

Elenco: Aitziber Garmendia, Getari Etxegarai, Naiara Arnedo, Leire Ruiz e Vito Rogado.

Un grupo de amigas da infancia acode a unha casa rural para celebrar a despedida de solteira dunha delas. Pero os anos non pasan en balde e aínda que sintan un vínculo moi forte entre elas, nada é o que era; ou si... O que a priori ía ser unha fin de semana ás toas, toleará un pouco máis se cabe; trapos sucios, cousas que nunca se dixeron, confesións, alcol, droga e un enxame. Dise que no reino animal as abellas son os seres que mellor se comunican. E ao parecer comunícanse bailando...

OUTUBRO



Sábado 15 20:30 h.

Conexión Pingüín.

RGTA.

Teatro / Comedia

Duración: 70 min

Público: Adultos

Autor: José Prieto

Dirección: Marcos Orsi

Escenografía: Kukas

Deseño son: Javier Ayude

Deseño iluminación: Javier Adan Ayude

Vestuario: La Canalla

Elenco artístico: Luís Iglesia e Marcos Orsi


Despois do éxito da anterior montaxe, Sénior (2018), Culturactiva Producións volve convocar a Luis Iglesia e Marcos Orsi neste espectáculo cómico escrito por Jose Prieto.

Conexión Pingüín é unha comedia que quere falar da incomunicación entre os seres humanos. Este mal fai estragos todo os días e a todas horas, na casa, coa familia, no tráfico, no traballo... Estamos na súper era tecnolóxica, da conexión inmediata, da telecomunicación, mais nunca estivemos tan lonxe entre as persoas.

A trama desta montaxe ten dous planos aparentemente distantes na época, na latitude e no contexto, mais conectados pola liña condutora deste divertido texto. Por un lado, os nosos dous protagonistas trasladarán ao público ao ano 1923, cando tivo lugar unha famosa expedición con rumbo ao polo sur magnético. Dous intrépidos montañeiros, con falta de sentido

común e exceso de ego, terán que loitar contra as inclemencias polares, a falta de escoita, o despiste mortal e as súas propias barbas, que non paran de medrar. E por outro lado, unha conferencia formal que, case un século despois, rememora e actualiza aquela fazaña antártica.e realidade por igual, trazando un fiel retrato da infancia.

Onde viven os monstrosé un clásico vixente hoxe en día que plasma con grande expresividade os temores e desexos da nosa máis tenra infancia: os monstros que nos asexan, os nosos incomprendidos enfados, o medo ao abandono e a que os nosos pais deixen de querernos.



Sábado 29 18:00 h.

CUBO.

RGTA. Elefante elegante.

Teatro / Xestual / + 4 anos.

Duración: 45 min

Autor: Gonçalo Guerreiro / María Torres / Tiago Alves Costa

Dirección: Gonçalo Guerreiro / María Torres / Pablo Sánchez

Adaptación: Gonçalo Guerreiro

Escenografía: Gonçalo Guerreiro

Deseño son: Gonçalo Guerreiro

Deseño iluminación: Nacho Martín

Vestuario: Carolina Díguele

Música: Manuel Fonte / Miguel Paz

Coreografía: Gonçalo Guerreiro / María Torres / Pablo Sánchez.

Elenco artístico: María Torres e Gonçalo Guerreiro

En escena, un cubo de 2 metros de lado onde habitan dous personaxes interpretados por María Torres e Gonçalo Guerreiro. Xogan, cantan, rin, pelexan e berran. Un día decátanse de que queren ir máis lonxe e descubrir o mundo

enteiro. Sempre estiveron de acordo ata hoxe, mais no momento de elixir o seu destino non son quen de chegar a un consenso. Un quere viaxar cara un lado en busca de preguntas e o outro quere buscar respostas na dirección oposta. Que solución atoparán? Norte, Sur, Este ou Oeste? Xuntos ou separados?

“Apetece caer pra riba ata un lugar descoñecido sen precisarmos de mapas para subir montañas, nin indicacións para abrir e pechar portas de castelos imaxinarios! Como xogar a un novo xogo... e saltar á primeira paisaxe!”

NOVEMBRO



Sábado 5 18:00 h.

A CAZOLA DE LOLA.

RGTA. Tanxarina.

Teatro / Monicreques / +5 anos

Duración: 50 min

Autor: Isabelle Carrier

Dirección: Cándido Pazó

Adaptación: Tanxarina

Escenografía: Pablo Giráldez

Deseño son: Tanxarina

Deseño iluminación: Montse Pinheiro

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Ailén Kendelman

Coreografía: A Panadaría

Elenco artístico: Eduardo Rodriguez "Tatán", Miguel Borines e Andrés Giráldez

“Lola sempre arrastra un cazo atrás dela.O cazo caeulle un día enriba... Non se sabe moi ben por que. Por causa deste cazo, Lola xa non é de todo coma os demais. Precisa de moito

agarimo, é moi sensible e ten un gran sentido artístico. A miúdo as persoas só ven nela ese cazo que arrastra por todas partes. E atópano raro...

Ademais, o seu cazo complicálle a vida. Afortunadamente existen persoas maravillosas, só fai falta dar cunha delas..."



Sábado 12 20:30 h.
SMOKE ON THE WATER.
RGTA. Ibuprofeno teatro.
Teatro / Contemporáneo.

Duración: 85 min

Público: Adultos

Autor: Santiago Cortegoso

Dirección: Santiago Cortegoso

Escenografía: Pablo Giráldez 'O Pastor

Deseño son: Mon Orencio

Deseño iluminación: Salvador del Río

Vestuario: Marián Bañobre

Coreografía: Carmela Bueno.

Elenco artístico: Josito Porto. Belén Constenla, Adrián Ríos, María Costas, Mon Orencio

Traxicomedia sórdida con música en directo.

Unha historia de sexo, drogas, rock and roll, enfermidade, violencia, prostitución, vandalismo, morte e, por suposto, de amor.

Ritchie (Blackmore) vive ancorado no Rock and roll dos 70, ten unha tenda de discos e vinilos de colección. Janis (Joplin) xa hai anos que non canta, estuda filosofía na universidade. A súa unión sobrevive despois de case 25 anos de crise matrimonial permanente, formando un círculo vicioso enfermizo, un sistema de relacións de dependencia imposible de desenlear. Este

"status quo" absurdo, en continua combustión, vese ameazado pola aparición de Álex, un gigoló de ideoloxía vandálica e transgresora que se namora perdidamente de Janis, ao tempo que establece unha fonda amizade con Ritchie.

A intervención de Joan Baez, empregada de banca que xestiona a hipoteca de Ritchie, cliente de Álex, propicia un final pateticamente feliz ao enredo amoroso-financieiro entre este grupo de seres humanos fracasados, torpes, perdedores, frustrados, desgastados e maltratados pola vida, que provocan tenrura e compaixón.



Sábado 19 21,00 h.
Concerto de Santa Icía
de Banda Municipal
O Landro de Viveiro.



Sábado 26 20,30 h.
CONTINENTE MARÍA.
RGTA. *Ainé producións.*
Teatro / Outros

Un espectáculo sobre María Casares. RGTA

Duración: 100 min

Público: Adultos

Dirección: Tito Asorey

Adaptación-Escenografía: Laura Iturralde

Deseño son: Santi Jul

Deseño iluminación: Laura Iturralde

Vestuario: Yaiza Pinillos

Música: Vadim Yukhnevich

Elenco artístico: Melania Cruz e Vadim Yukhnevich

Realizar un espectáculo sobre María Casares era algo que tanto o director Tito Asorey como a actriz Melania Cruz tiñan en mente desde hai máis dunha década. As circunstancias, tanto vitais como de produción, fixeron que deran o paso neste momento, no 100º aniversario do seu nacemento, sabedores de que sería óptimo para que fose recibida a súa proposta coa atención axeitada.

Esta montaxe pretende recuperar e homenaxear a figura de María Casares, achegándoa ao público, á vez que se vale da súa figura para falar da propia condición dos artistas nun mundo en continuo cambio, analizando escenicamente as nosas contradicións como país e como sociedade.

María Casares preséntasenos como un continente que ansiamos percorrer, establecendo unha cartografía emocional en base ás súas vivencias, pensamentos e recordos, viaxando a través dun diálogo entre o presente e o pasado para tratar de entendernos mellor como seres humanos creadores e habitantes dun mundo no que non hai tantos anos, os exiliados eram.

DECEMBRO



Sábado 3 20:30 h.
FILLAS BRAVAS DE MOMÁN.
RGTA. Chévere.
Teatro / Musical

Duración: 50 min

Público: Adultos

Autor: Chévere

Dirección: Xron

Adaptación: Manuel Cortés

Escenografía: Chévere

Deseño son: Xacobe Martínez Antelo

Deseño iluminación: Chévere

Vestuario: Fany Bello

Música popular

Elenco artístico: Patricia de Lorenzo, Mónica García, Arantza Villar.

As fillas bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron a súa nai e a nai da súa nai, porque todas son fillas do vento, mulleres de andar a pé do toxo, orgullosas de vir de tras da silveira, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos.

Con esta peza Chévere segue a explorar as posibilidades dun teatro con perspectiva de xénero para sensibilizar á sociedade fronte á violencia machista e as desigualdades.

Muller galega. Filla de nai solteira. E de pai cura. Chámase María Rosalía Rita de Castro.



Sábado 10 18:00 h.

DIVERTIMENTO.

RGTA. N+1 & Cuarteto Alicerce.

Teatro / Musical / + 3 anos

Duración: 45 min

Dirección: Alfredo Pérez Muíño

Adaptación: Alfredo Pérez Muíño

Escenografía: Alfredo Pérez Muíño

Deseño son: Cuarteto Alicerce

Deseño iluminación: Dani Pais

Vestuario: Alfredo Pérez Muíño

Música: Cuarteto Alicerce

Coreografía: Alfredo Pérez Muíño

Elenco artístico: *Alfredo Pérez, actor físico y Cuarteto Alicerce*
estudia Educación Física especializándose en Ximnasia

Artística. Tras quince meses de estudos en Madrid (Escola de Circo Carampa) viaxou por diferentes países para continuar a súa formación como especialista en técnicas circenses, na Escola Nacional de Circo de Río de Janeiro, Escola de Circo Criollo de Bos Aires, Escola Nacional de Circo de Cuba e na Bont`s International Clown School en Ibiza. Ademáis participou en numerosos cursos de formación tanto a nivel artístico como docente.

Jorge Montes, violín. Nacido na Coruña en 1982, estuda violín e música de cámara con Keiko Wataya e Charles-André Linale na Hogeschool voor de Kunsten de Utrecht, ampliando a súa formación con G. Carmignola en Siena. Ofreceu numerosos concertos en España, Holanda, Portugal, Francia, Alemaña, Bélxica, Ucraína, Polonia, Italia, Xapón, Arxentina, Chile, Uruguay e Brasil. É membro fundador do ensemble s21 e Ars Combinatoria. Na actualidade é profesor de violín do Conservatorio de Ferrol así como director da Orquesta de Nenos da Orquesta Sinfónica de Galicia.

Roberto Santamarina, violín. Realiza os seus estudos de violín en Santiago sendo bolseiro polo IGAEM para ampliar a súa formación en Oviedo con Yuri Nashuskin e en Salamanca con Angel Sampedro, Emilio Moreno e Eduardo López Banzo. A nivel camerístico recibiu clases do Trio Fontenay, Cuarteto Moravo, Cuarteto Sedláček, Jesse Levine e os Virtuosos de Moscú. É integrante de grupos especializados en música antiga e interpretación histórica como Martín Códax, Grupo 1500, Favola D'Argo e "Il Combatimento". Actualmente é profesor de violín no Conservatorio de Santiago de Compostela.



Sábado 17 18,00 h.

PINOCÚS. SERANS TEATRAIS.

Pinocús Teatro.

Autor: José Campanari

Director: José Campanari

Escenografía: A.E.R.P.

Vestuario: Attacare Bottone

Adestramento vocal: Silvia Chigliak / Heiko

Foto: La Cosa Gráfica Viva Lugo

Vídeo: FXFoley

Elenco: Ana Carreira, Carlos Rebolo, Carlos Coria e Marga Portomeñe.

Un día calquera na estación de tren de Aquimesmo. Unha billeteira que ven e que vai. Un viaxeiro decidido a deixalo todo para chegar ao seu novo lugar de traballo. As indecisións dun viaxeiro que non sabe moi ben a onde ir. As estratexias dunha viaxeira que quere ser a única que colla o tren. O humor e a música xúntanse na escena para xogar unha espera de absurdos encontros e desencontros. Todo isto para chegar a ese lugar ao que todos queren ir, pero moi pouca xente se atreve, chamado PINCONUS.



Sábado 23 21,00 h.

CONCERTO DE NADAL.

Banda Municipal

O Landro de Viveiro.



Miércoles 28 20,30 h.

MAXIA.

*Adrián Conde (Argentina), Lore Lavand (Argentina),
Hector Sansegundo (Segovia) y Mago Rafa (Lugo).*

Organiza e patrocina:



Excmo. Concello **Viveiro**
Vive Viveiro
Concellería de Cultura

Patrocina:



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



camión
escena
norte



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



DEPUTACIÓN
DE LUGO **88** Cultura
VICEPRESIDENCIA



Xacobeo 21-22

**Próximamente 4ª Edición
de SUPERARTE.**

VENDA DE ENTRADAS:

De luns a xoves, no teléfono 982 560 162,
en horario, de 9 a 14,00 horas, ou no correo
electrónico rbg.cultura@viveiro.es e tamén
na taquilla do teatro 1 hora antes da función.

ENTRADA AO TEATRO: Media hora antes da función.